

TAREFA CIENCIAS SOCIAIS 6º CURSO DE PRIMARIA

-ESTUDAR OS APUNTES DO SECTOR PRIMARIO E SECTOR SECUNDARIO EN ESPAÑA.

-ACTIVIDADES 1-2 DA PÁXINA 54.

-ACTIVIDADE 4 PÁXINA 55.

-COPIA NO TEU CADERNO ESTA INFORMACIÓN.

O SECTOR TERCIARIO

Neste sector terciario agrúpanse todas as actividades que non pertencen aos outros dous sectores económicos. O produto final das actividades deste sector non é un ben tanxible (algo físico, que se poida tocar), senón un servizo. Por iso dicir sector terciario é o mesmo que dicir sector servizos. Entre as ramas máis importantes do sector terciario destacan o comercio, o transporte, o turismo, a educación, a sanidade e a administración. Tamén se engloban dentro deste sector a banca, os medios de comunicación (como a televisión ou a radio), os avogados e os xuíces, os gobernantes, os corpos de seguridade (como a policía, o exército...). Os servizos poden estar en mans de institucións públicas (estatais, rexionais, locais) e entón falamos dun sector público, ou ben en mans de entidades privadas e así falamos de sector privado. Pertencen ao sector terciario un variado grupo de traballadores que nos ofrecen un servizo: o comerciante ou tendero, a xuíza, o mestre, a camareira do restaurante, o médico, o recepcionista do hotel, a alcaldesa, o condutor do autobús, a editora de libros de texto, o transportista de camións, a caixeira do banco, o asistente social, a guía dun museo, o programador informático, os teus profesores, o arquitecto... Os países máis desenvolvidos contan con moitos traballadores dentro deste sector. A este tradicionais tres sectores da economía pódese engadir outro de recente aparición, o cuaternario, tamén chamado terciario avanzado, decisional ou da información: agrupa as actividades relacionadas coa creación e difusión da información, tan decisiva para a organización política e económica dunha sociedade avanzada.

-LE AS PÁXINAS QUE ESTÁN RELACIONADAS COAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS EN EUROPA(páxinas 52-53) e GALICIA(páxinas 56-57).